

XXXVII FEIRA DO VIÑO QUIROGA

20 E 21 DE ABRIL 2019

QUIROGA, CONCELLO DE INTERESE TURÍSTICO



Saúda do alcalde

A vila de Quiroga ataviase, unha vez máis, para acoller aos milleiros de persoas que se achegarán ata aquí con motivo da celebración dunha nova edición da Feira do Viño, a trixésimo sétima.

Como Alcalde e Presidente da Comisión Organizadora da feira, sintome enormemente satisfeito do camiño percorrido ao longo de todos estes anos. Así, dende este espazo, quero amosar a miña gratitude a veciños e veciñas de Quiroga e as persoas que nos visitan por facer que esta mostra sexa un referente entre as que se celebran en Galicia.

Especial mención a colleiteiros e colleiteiras que elaboran o viño por saber harmonizar a tradición e a modernidade para que os viños de Quiroga sigan a manter a fama que historicamente os precede.

Achegarse a Quiroga é sempre unha experiencia gratificante. O patrimonio cultural e natural deste enclave da xeografía galega, que pola súa importancia opta a ser declarado Xeoparque Mundial da UNESCO, é garantía para asegurar que este destino será do agrado de quen nos visite.

Aproveito para convidalos á Feira do Viño, a gozar coa degustación dos caldos quirogueses neste marco de incomparable beleza no que se optimizan, se cabe, as propiedades deste afamado viño.

Boa Feira a todas e todos!

*Julio Álvarez Núñez
Alcalde*

Comisión organizadora

Presidente de Honor

D. Julio Álvarez Núñez

Dna. Ana M^a Núñez García

Dna. M^a Dolores Sánchez Durán

D. José Ángel Rodríguez Raposo

D. Andrés Novoa Arza

D. José Enríquez Álvarez

D. José Luis Rivera Castro

Dna. Rosa M^a Arza Rodríguez

Colleiteiros

1. IRIA CARBALLED O GONZÁLEZ
SAN VITOIRO
2. GASPAR ÁLVAREZ NOGUEIRA
AS MEDAS
3. SECUNDINO RGUEZ. SOBRINO
TOUCEDO
4. ELÍAS GONZÁLEZ MOURELO
CARBALLO DE HOSPITAL
5. JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ LAGO
SAN XULIÁN DE ABAIXO
6. MARÍA OLIVA CAO EXPÓSITO
BENDOLLO

Programa de actos da XXXVII Feira do Viño de Quiroga

DÍA 6 DE ABRIL:

Cata dos viños participantes na Feira do Viño.

Ás 12:30 h **Desfile dos membros da Confraría do Viño de Quiroga** dende o Concello ata o Museo Etnográfico.

Ás 13:00 h **Acto oficial de cata na sala de catas do Museo Etnográfico** de Quiroga.

DO DÍA 11 AO 19 DE ABRIL:

VIII concurso "Quiroga de Tapas". Org. Área de Xuventude.

VENRES, DÍA 19:

A partir das 17:00 h **XV Carreira popular "Feira do Viño"**. Org. Área de Deportes do Concello de Quiroga.

SÁBADO, DÍA 20:

IX Concurso de camisetas "Feira do Viño". Org. Área de xuventude.

Ás 11:30 h Recepción de autoridades no Concello.

Ás 11:45 h Inauguración do recinto feiral a cargo da **Excma.**

Sra. Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Dna. Ángeles Vázquez Mejuto.

Ás 12:00 h **Encontro Infantil do Certame Celtibérico de Bandas de Gaitas**

• **Desfile de Bandas pola Rúa Real.**

• **Actuación das Bandas na Praza de España.**

Ás 17:00 h Actuación polo recinto da feira do Grupo de Gaitas "Alecrín"

Ás 18:45 h Recepción de autoridades no Museo Etnográfico.

Ás 19:00 h no Auditorio Municipal:

- Actuacións musicais:

• **Coral Polifónica de Quiroga.**

• **Grupo de Gaitas "Alecrín"**

• **Grupos de danza "San Martiño" e "Arume da Queiruga"** - Entrega de premios **XVI Certame "Cartas de Amor Vila de Quiroga"** convocado pola Área de Xuventude.

Ás 20:30 h Pregón no palco, a cargo do actor **Pablo Chiapella Cámara, (Amador Rivas na serie de Telecinco "La que se avecina")**. Presentará o acto o xornalista **Xosé Manuel Orriols.**

Ás 21:00 h Festa popular co **"Grupo Atenas"**.

Ás 21:15 h **Entrega de premios do IX Concurso de Camisetas "Feira do Viño"** no palco.

DOMINGO, DÍA 21:

Ás 12:00 h. Alborada e animación do recinto a cargo do **Grupo de Gaitas "O Recanto"**.

Ás 12:30 h Recepción das autoridades no Concello.

Ás 12:45 h Entrega Trofeos aos colleiteiros no Concello.

Ás 18:00 h Actuación da Charanga **"Fuego"** no recinto da feira.